


fiot 26
CARBALLO

www.fiot.gal

Festival
Internacional
Outono de
Teatro 2017

Do 16 set
ao 28 out



*#all you
need is
Fiot*

“Hai verdades que non poden ser reveladas, máis que a condición de que sexan descubertas”, di Nawal, a protagonista dunha das obras que conforman este FIOT (*Incendios*, Wajdi Mouawad). No teatro atopamos un valioso aliado para o descubrimento da condición humana porque pon de manifesto o real e á vez, as súas contradicións, provoca a emoción e inspíranos para soñar e mesmo para actuar. O teatro é unha arma poderosa que, sen ser a realidade, explícaa desde o verosímil dunha ficción e busca a complicidade dos espectadores para recompoeila.

Nesta edición poñemos a énfase nestas calidades da realidade e do teatro. Aínda que se nos presente con contundencia, o mundo é distinto ao que semella. **Nada é o que parece.**

Na escena resalta a dualidade ou o carácter poliédrico da realidade,


onde se desdubuxan os límites e se mesturan os opostos amor e odio, esperanza e desesperación, medo e valentía, angustia e felicidade..., e se confunden vítimas e verdugos, heroes e covardes... Precísase de miradas distintas para ver cada aresta.

Aínda que se nos presente con contundencia, o mundo é distinto ao que semella. Nada é o que parece ”

O tempo, o pasado e os legados recibidos son claves para unha reconstrución que non ten unha única solución. A viaxe cara atrás, cara relatos, axudaranos a avanzar. Na memoria teremos o noso aliado, ou quizais é unha carga?

A través de historias de amor, de violencia, de esperanza, de medo, de amizade, de guerra, do cotián... as propostas que presentamos poñen de manifesto a realidade como proceso interminable de construción e a dificultade e necesidade de comprendela, pero tamén a posibilidade de iluminala. Proponémoslle ao espectador que se leve o debate á casa.

Estamos comprometidos cos espectáculos que presentamos, pero estamos especialmente orgullosos dos creadores e artistas que os producen. Podemos afirmar que todos son referentes na arte escénica actual. Interésannos as súas particulares miradas, curiosas, diferentes, belas, provocadoras e



valentes, que imprimen personalidade aos seus proxectos e renovan a escena co seu talento. Moitos son novos no noso programa e outros xa nos sorprenderon anteriormente, pero reunilos a todos é un luxo para o FIOT.

Estamos comprometidos cos espectáculos que presentamos, pero estamos especialmente orgullosos dos creadores e artistas que os producen ”



O noso interese en apoiar a creación artística concrétase na participación na produción de espectáculos. Este ano fomos “especialmente produtivos” e colaboramos en tres producións, todas elas cun carácter moi diferencial.

Tiñamos que acompañar no seu primeiro gran proxecto a primeira compañía profesional de Carballo, Galeatro. No segundo caso, respondemos á invitación dunha compañía de fóra de Galicia á que seguimos desde hai uns anos, Atresbandes. E a terceira é da man duns “socios” ben coñecidos e próximos e cos que temos xa moi boas experiencias, Contraproducións, e cun proxecto moi bergantiñán, no que nos implicamos activamente para conmemorar o centenario dun feito relevante para a cultura da nosa comarca, o

O noso interese en apoiar a creación artística concrétase na participación na produción de espectáculos. Este ano fomos “especialmente produtivos” e colaboramos en tres producións, todas elas cun carácter moi diferencial ”

falecemento de Eduardo Pondal, para o que contamos tamén co apoio da Fundación que leva o nome do poeta.

Todos eles se presentan no FIOT, pero tamén acollemos a estrea absoluta dunha compañía catalá coa que temos unha longa relación, Titzina, ou a última proposta narrativa dunha popular e cercana actriz, Marta Lado.

A nova proposta que se incorpora ao festival, m², ven tamén a



reforzar este compromiso coa creación. Ademais de estender o FIOT a outros espazos, con ela pretendemos visibilizar creadores emerxentes que buscan novos formatos e discursos.

No noso corazón, este ano, hai 34 obras, 3 coproducións, 7 estreas absolutas e 7 estreas en Galicia. Polos ventrículos e aurículas corre a Programa de Sala, o Otni, a Rúa dos Contos...; e o Fiotiño, a Escola do Espectador, o m², o Xograr do Outono, o Café con..., o Zoom Fiot, irrigan as arterias para darlle alento.

Pero nada funciona se non está o pulso do público. Contamos con vós para seguir latexando, e tamén para que o corazón que compartimos teña na súa mirada vida e emoción. Alma. Sinte o FIOT. O corazón do teatro!

All you need is Fiot!

Contamos con vós para seguir latexando, e tamén para que o corazón que compartimos teña na súa mirada vida e emoción. Alma. Sinte o Fiot. O corazón do teatro! ”



#all you need is Fiot

Inauguración fiot

22 setembro

20.30 h

Cirk about it

(Castela e León)

EL APARTAMENTO

PRAZA DO CONCELLO
PARA TODOS OS PÚBLICOS
55 MIN

Cando o circo é o protagonista no salón da túa casa, todo pode trocarse en excepcional. O día a día destes tres compañeiros de piso sáese da normalidade. A rutina pode romper con facilidade e converterse en fazaña engadindo só unhas pingas de circo.

Acrobacias, saltos, portes, equilibrios e humor mostran un traballo corporal moi visual, orixinal, dinámico e novidoso que atraerá a todos os públicos.

Cirk About It é unha nova e prometedora compañía, cunha



proxección importante e recoñecementos en diversos festivais por un traballo no que amosan grande inqueda técnica e artística.

Circo no teu salón



Intérpretes: Laura Barba, David Tornadizo e Miguel Molinero
Escenografía: Marcos García e Paula Carrera
Iluminación: Herminio González
Vestuario: Chelo Ruiz e Trini Arce
Autoría: Cirk About It
Dirección: Alfonso Alonso (El Gran Rufus)

23.00 h



Cafetería Colón

GUTI

(Castela e León)

Las historias del Filandar

Dicir Guti, é dicir contador de historias, un referente imprescindible na narración oral a nivel nacional.

Las historias del Filandar é un espectáculo creado a partir das historias persoais, dos records, das fabulacións dos vellos narradores, das xentes que compartiron matanzas, bailes, traballos e penas, e no que se respecta a fala de cada informante definindo así un estilo de narrar especial e único deste narrador castelán.

Entrada gratuita

(+ INFO nas páxinas 42 e 43 deste programa)

ESTREA
EN GALICIA

DOM 24 SET

NO MERCADO
MUNICIPAL
ANDAR 2º



Dentro da XIX Rúa dos Contos seguimos apostando por novos espazos de expresión e de encontro, como é o Mercado Municipal, no que estarán presentes dous excepcionais contadores de historias: Quico Cadaval e Félix Albo, que veñen de lugares tan distantes como Galicia e Valencia, pero moi próximos grazas á palabra e á maneira de narrar contos que sempre saben encandear o espectador.

2 FUNCIONS
6€

Socios e aboandos da AC Telón e Aparte 50% de desconto presentando o carné.

20.00 h
FÉLIX ALBO
(Valencia)
Tanatorium



Este infatigable e insólito artista volve ao FIOT cunha nova proposta unipersoal tremendamente tola sobre a vida, a morte e o silencio, a cal non deixa de ter o seu propio estilo. Tanatorium mestura o humor e a tenrura coa morte.

Un home entra nun tanatorio xusto no momento no que se lles vai a luz. A escuridade, o forzado silencio e a incómoda humidade que se respira no recibidor, evócalle un soliloquio co que percorre trazos de distintas vidas ata chegar á súa propia. Varias historias con personaxes díscolos que provocan situacións disparatadas, teñen

como resultado este espectáculo compacto, rotundo, emotivo, sorprendente e terriblemente divertido.

Recomendado para público adulto

Sobre o escenario póñense a bailar como parella a vida e a morte ao ritmo e son que marcan as risas do público

21.30 h
QUICO CADAVAL
(Galicia)
Fantasmas familiares




Os nenos felices, que non foron nunca humillados, ofendidos ou mallados na súa infancia, teñen apenas os terrores nocturnos poder contar ao chegar á idade adulta. Para facérense os interesantes ou daren pena.

Quico Cadaval tiroulle partido ata a extenuación a esas historias da tradición na que os antepasados realizan visitas nocturnas e aparécenche ao pé da cama co seu xélido alento e os mortos pasean libremente polos camiños da aldea. Esta intensa actividade nocturna suspendeuse no verán de 1936 cando as xentes empezaron a terlle máis medo aos vivos que aos mortos.

Gozaredes da experiencia de volver escoitar o mestre da narración Quico Cadaval, que ademais de contador, dramaturgo e director teatral é Xograr de Outono. Non a esqueceredes!

Recomendado para público adulto

Os antepasados realizan visitas nocturnas e aparécenche ao pé da cama co seu xélido alento e os mortos pasean libremente polos camiños da aldea



PROGRAMA
DE SALA



Atenção
aos novos horários

10

11

V29 set / 21.00 h

Titzina Teatro

(Cataluña)

LA ZANJA

PREESTREA

ENTRADA: 8 € | DURACIÓN: 90 MIN

Un técnico dunha multinacional mineira chega a unha explotación da súa compañía en Sudamérica. O alcalde e a súa comunidade esperan a este novo descubridor. Prodúcese o reencontro de dous mundos e formas diferentes de entender a vida. Esta confluencia transporta os protagonistas a outro choque clave na historia: o encontro de Pizarro e Atahualpa.

A través dunha historia actual, esta traxicomedia trasládanos a un momento histórico que formula temas esenciais como a condición humana e as súas diferentes formas de entender o progreso.

Inauguramos a programación coa estrea do último espectáculo dunha compañía catalá moi querida polo FIOT. Os cinco espectáculos que crearon desde o seu nacemento hai 16 anos estiveron

nas nosas táboas e no 2013 acollemos tamén a estrea da anterior obra, *Distancia siete minutos*, que se converteu nun fenómeno que percorreu toda España e moitos outros países, con máis de 300 funcións, 100.000 espectadores e cun éxito unánime de crítica e público, pola súa capacidade de combinar unha lúcida mirada sobre o individuo

titzina

PRESENTA

LA ZANJA

La historia es la herencia de la acción de un hombre sobre otro y sus consecuencias sobre el colectivo



desde a tenrura e o humor. O seu sinal de identidade é a aposta polo traballo de creación a partir da investigación, de xornalismo antropolóxico, creando un universo poético que nos seduce e emociona.

Intérpretes: Diego Lorca e Pako Merino

Dramaturxia e dirección: Diego Lorca e Pako Merino

33o set / 20.30 h

Teatro de la Ciudad e Teatro de la Abadía

(Madrid)

LA TERNURA

UNA COMEDIA DE LEÑADORES Y PRINCESAS

ENTRADA: 15 € | DURACIÓN: 120 MIN

Unha raíña algo maga fai naufragar o barco no que viaxaba coas súas fillas. Evita así que as princesas casen por obriga. Chegan a unha illa, que parecía deserta, pensando que vivirían sen homes o resto das súas vidas. Descubrirán que alí habita un leñador cos seus fillos que fuxiran para non volver ver unha muller nunca máis. Con este encontro comezan as aventuras, leas, namoramentos e confusións.

Esta comedia romántica de aventuras inspirada no universo das comedias de Shakespeare (sobre todo *A tempestade* e *Noite de Reis*) trata sobre a imposibilidade de protexernos da dor nas relacións amorosas, da valentía precisa para amar e da importancia da ternura



na vida do ser humano. A ternura son as caricias, a escoita, os pequenos xestos, os sorrisos, os bicos, a espera, o respecto, a delicadeza.

Esta obra forma parte dun proxecto de investigación, formación e creación de teatro contemporáneo, Teatro de la Ciudad, recoñecido co Premio Max 2016 á Mellor Producción Privada.

Nesta edición Alfredo Sanzol, un dos grandes dramaturgos da actualidade, recentemente premiado co Max á Mellor Autoría, afonda na arte de facer rir.

Crecen en mi pecho, como dos árboles gemelos, el miedo y el deseo ”

Intérpretes: Paco Déniz, Elena González, Natalia Hernández, Javier Lara, Juan Antonio Lumbreras e Eva Trancón

Espazo escénico e vestiario: Alejandro Andújar

Iluminación: Pedro Yagüe

Música: Fernando Velázquez

Axudante de dirección: Beatriz Jaén

Dirección de produción: Miguel Cuervo

Texto e dirección: Alfredo Sanzol

V13 out / 21.00 h

Feelgood Teatro, Emilia Yagüe P. e Teatro Calderón

(Madrid)

EL CICLISTA UTÓPICO

ENTRADA: 12 € | DURACIÓN: 90 MIN

16 **P**ode un accidente cambiar as nosas vidas? Manuel (Fran Perea), un mestre rural que vive felizmente coa súa muller e tres fillas, un día, cegado polo sol, atropela o ciclista Acebal (Fernando Soto) e esnaquiza a súa bicicleta. O ciclista está moi apesarado pola perda do seu vehículo e esperta a compaixón de Manuel. Este primeiro encontro fortuíto e accidentado, fará que xurda un forte e destrutivo vínculo entre ambos.

O texto, Premio de Literatura Dramática Fundación Teatro Calderón, é unha comedia mordaz e descarnada sobre amizade, manipulación ou desexos ocultos que escruta o revirado labirinto das relacións humanas.

ESTREA
EN GALICIA



*Un, intentando
manter a utopía na
que vive. O outro,
intentando conseguir
a súa (Yayo Cáceres)* ”

17

Intérpretes: Fran Perea e Fernando Soto
Espazo escénico: Carolina González
Iluminación: Miguel Ángel Camacho
Vestuario: Tatiana de Sarabia
Música e espazo sonoro: Yayo Cáceres e Fran Perea
Dirección de produción: Emilia Yagüe
Autor: Alberto de Casso
Dirección: Yayo Cáceres

S14 out / 20.30 h

ilMaquinario Teatro

(Galicia)

RESACA

ENTRADA: 8 € | DURACIÓN: 70 MIN
MAIORES DE 14 ANOS

18 **Á**lex, unha amiga común, desapareceu para sempre. Unha morea de cadernos, centos de pensamentos, conversas, fotos, cassetes e obxectos diversos son os materiais empregados como punto de partida para recompoñer a súa historia a través do teatro, da poesía, da música en directo ou do teatro de obxectos.

Cantas versións diferentes poden existir sobre un mesmo recordo? De que maneira nos pode salvar a memoria da vertixe dun mundo de ritmos cambiantes e imparables? Desde a tenrura, o humor, a reflexión e a emoción, e, entre a realidade e a ficción, reconstruírán a memoria dunha xeración que busca o seu lugar nun mundo en proceso constante de transformación e crise.

Esta é a nova e persoal proposta dunha compañía galega que en tan só cinco anos foi recoñecida con cinco María Casares, candidata aos Max e consolidouse como unha das de maior proxección nacional.

Sobre a resaca da existencia. Unha celebración da vida e da amizade



19 **Intérpretes:** Melanía Cruz, Fernando González, Fran Lareu, Laura Míguez e Vadim Yukhnevich
Escenografía: Laura Iturralde e Montse Piñeiro.
Iluminación: José Manuel Faro "Coti"
Audiovisuais: Diego Branco e Laura Iturralde
Vestuario: ilMaquinario Teatro
Director musical: Vadim Yukhnevich
Axudante de dirección: María Peinado
Textos: Tito Asorey, Ana Carreira, Melanía Cruz, Fernando González, Fran Lareu, Álex López, Laura Míguez, María Peinado e Vadim Yukhnevich
Dramaturxía: Tito Asorey e Ana Carreira
Dirección: Tito Asorey

Dis out / 20.00 h



ATENCIÓN A ESTE HORARIO

Ysarca e Teatro de la Abadía

(Madrid)

INCENDIOS

ENTRADA: 15 €

DURACIÓN: 3 H CON DESCANSO

Tras permanecer nun silencio hermético durante cinco anos, falece unha nai.

Déixalles un sobre a cada un dos seus fillos xemelgos que, nunha fabulosa odisea, os arrastra cara a un pasado descoñecido, que os levará a un segundo renacer.

Seremos testemuñas da procura das pegadas dunha vida marcada pola guerra e o desamparo, na que o drama humano e político se entrelazan nun estremecedor relato.

Mario Gas reúne a un reparto de luxo, encabezado pola extraordinaria Nuria Espert, para a estrea en castelán desta obra clave do século XXI, do que xa é un dos máis importantes dramaturgos contemporáneos, Wajdi Mouawad.



Esta traxedia contemporánea chea de evocacións clásicas “incendiou” o corazón do público de numerosos países, e, con esta produción, converteuse nunha das grandes montaxes da tempada.

Unha sobrecollidora historia épica imprescindible para os amantes do teatro.

*La infancia es un
cuchillo clavado en la
garganta*



Intérpretes: Nuria Espert, Laia Marull, Carlota Olcina, José Luís Alcobendas, Carlos Martos, Germán Torres, Alberto Iglesias, Lucía Barrado

Espazo sonoro: Orestes Gas

Escenografía: Carl Fillion

Vestuario: Antonio Belart

Iluminación: Felipe Ramos

Autor: Wajdi Mouawad

Dirección: Mario Gas

V20 out / 21.00 h

Buxman e Kamikaze P.

(Madrid)

**TODO EL TIEMPO
DEL MUNDO**

ESTREA
EN GALICIA

ENTRADA: 12 € | DURACIÓN: 90 MIN

Cada noite, ao pechar a súa zapataría, Flores recibe a visita de estrañas persoas que lle contan o seu futuro, revelan detalles do seu pasado e chegan, mesmo, a desvelar as súas historias presentes. Que pasaría se todo o mundo esquecese algo que sucedeu realmente?

Algo ocorre cada noite co tempo que fai que as historias convivan á vez e axuden ao señor Flores a comprender quen é. Este sinxelo conto onírico e poético, cheo de tenura e emoción, fala sobre o tempo e os relatos e o amor que todo o salva.

Pablo Messiez, autor e director desta obra, está considerado como unha das voces máis interesantes do teatro español contemporáneo, recoñecido co Premio Max 2016.

Nesta produción está acompañado de novo polos actores da compañía Grumelot Teatro, que estiveron no FIOT hai uns anos con outro traballo creado con Messiez, e conta coa produción de Buxman e dunha das compañías de referencia na actualidade, Kamikaze.

Se o pasado está feito de relatos e o futuro está feito de desexos, en que lugar entre as palabras e as cousas está o noso presente? (Pablo Messiez)



FOTO: Vanessa Rábade

Intérpretes: Amanda Recacha, Rebeca Hernando, Óscar Velado, María Morales, José Juan Rodríguez, Íñigo Rodríguez Claro e Mikel Urroz.
Escenografía e vestuario: Elisa Sanz
Iluminación: Paloma Parra
Dirección de produción: Jordi Buxó e Aitor Tejada
Axudante de dirección: Javier L. Patiño
Autor e director: Pablo Messiez

S21 out / 20.30 h

Kamikaze Producciones

(Madrid)

ARTE

ESTREA
EN GALICIA

ENTRADA: 12 € | DURACIÓN: 90 MIN

Sergio mercou un cadro. É unha tea branca e, se entornamos os ollos, podemos distinguir unhas finísimas liñas brancas. Ou polo menos iso intenta percibir o seu amigo Marcos ante a indiferenza de Iván. A obra artística desencadeará un combate dialéctico entre os tres amigos unidos desde a adolescencia, pero que o tempo levou por camiños moi distintos, no que se pon en cuestión a arte, a amizade, o éxito e a subxectividade da nosa mirada.

Esta divertida comedia, que contén tamén unha alta dose de veneno, é xa un clásico contemporáneo representado en medio mundo, agora dirixido por Miguel del Arco que á fronte de Kamikaze Producciones, considérase un dos renovadores do teatro actual. O que é hoxe un dos proxectos

escénicos máis interesantes de España, Kamikaze, estivo presente no FIOT desde o seu primeiro grande éxito, *La función por hacer*, e acompañounos con outros espectáculos memorables como *Juicio a una zorra*.

*E se a nosa natureza é
cambiar, como non
habería de reflectirse isto
no devir da amizade ou
na manifestación da
nosa expresión artística?*
(Miguel del Arco)



FOTO: Vanessa Rábade

Intérpretes: Roberto Enríquez, Cristóbal Suárez e Jorge Usón
Tradución: Fernando Gómez Grande e Rodolf Sirera
Escenografía e vestuario: Alessio Meloni
Iluminación: Pau Fullana
Deseño de son: Sandra Vicente
Música: Arnau Vilà
Axudante de dirección: Gabriel Fuentes
Dirección de produción: Jordi Buxó e Aitor Tejada
Autora: Yasmina Reza
Dirección: Miguel del Arco

D22 out / 20.30 h

Okidok

(Bélxica)

SLIPS INSIDE

Intérpretes: Xavier Bouvier e Benoît Devos

Iluminación: Laurent Kaye

Dirección: Xavier Bouvier e Benoît Devos

ENTRADA: 8 € | DURACIÓN: 70 MIN

26 **P**ierrot e Marcel teñen corpos de ensoño, corpos de estrelas. Musculosos, elegantes, hábiles, polifacéticos... e moi conscientes de todas as súas increíbles cualidades lánzanse nunha gran demostración dos seus talentos. E sabe Deus que teñen moitos!

Talento en estado puro, o mellor da acrobacia, a esencia do mimo, o cumio da danza; a poesía bruta dos anos gloriosos do music-hall.

A compañía belga é unha das máis sorprendentes e creativas do clown europeo actual. Cunha imaxinación e espírito de diversión sen límites, estes artistas tolos transgreden os códigos, mesturando circo, teatro, intervención, improvisación e humor. As súas torpezas e

*O dobre ou nada da
risa sen palabras* ”

pallasadas transportan o espectador a un universo poético onde todo é simple e a súa capacidade de conexión co público levounos a festivais e teatros de toda Europa.



V27 out / 21.00 h | S28 out / 20.30 h

FUNCIÓN PARA ABONADOS E INVITADOS

(Acto de entrega do Xograr de Outono ao inicio desta función)

FUNCIÓN PARA O PÚBLICO EN XERAL

Contraproducións

(Galicia)

FILLOS DO SOL

ENTRADA: 8 € | DURACIÓN: 75 MIN

Elucubración teatral sobre a figura de Eduardo Pondal e a súa obsesión coa obra que ocupou toda a súa vida como escritor: *Os Eoas*.

A cabalo entre a realidade ficcionada e a fabulación dramática, o bardo bergantiñán, xa octoxenario e comesto pola neurose dos seus últimos anos, confronta as súas dúbidas, medos e insatisfaccións creativas, tendo por interlocutores un personaxe nacido da súa perturbación e a xove criada da pensión na que está albergado (papel interpretado pola actriz carballesa Alba Bermúdez).

Con esta coprodución, pretendemos realizar a nosa contribución artística a unha conmemoración cultural relevante para a nosa comarca, o 100

Intérpretes: César Cambeiro, Adrián Ríos e Alba Bermúdez

Escenografía e vestuario: Carlos Alonso

Iluminación: Afonso Castro

Composición musical e espazo sonoro: Guillherme Fernández

Deseño gráfico: Juan Félix Gende

Axudante de dirección e xefa de produción: Belén Pichel

Texto e dirección: Cándido Pazó

Co apoio da
Fundación
Eduardo Pondal

**ESTREA ABSOLUTA
e COPRODUCCIÓN
DO FIOT**

aniversario do falecemento deste referente para as nosas letras, Eduardo Pondal, e aliámonos cun dos dramaturgos máis sólidos, Cándido Pazó, e con Contraproducións, unha compañía que recompensou a nosa confianza na obra que coproducimos na última edición do FIOT creando un dos mellores e máis premiados espectáculos da tempada.

*Quilos de papel!
Litros de tinta!
Miles e miles
de versos!* ”

FILLOS DO SOL

Escrito e dirixido por Cándido Pazó



FIOT
COMTRA

Ti es o protagonista do OTNI 2017. Nos límites do escénico, as propostas que presentamos precisan de ti, máis alá da túa presenza. Só cobran sentido se o público forma parte delas, xa que se constrúen con el, contigo.

Convidámosvos a explorar outras opcións máis alá de mirar. Non só é nosa a construción do significado, a interpretación dunha obra, será necesaria a nosa interacción, a participación. Teremos o noso lugar no espectáculo, compartiremos os espazos cos intérpretes e contaxiarémonos da súa emoción.

E así, asistir ao teatro converterase nun evento, nunha experiencia, nunha celebración.

Pero, non nos asustemos. Formaremos parte da obra mais nós escollemos que tipo de papel queremos e só desempeñarán un papel activo aqueles que o desexen.

Nesta nova viaxe do ciclo que no FIOT identifica os proxectos máis contemporáneos e experimentais, as compañías que nos acompañan

fan do espectador o motor da creación e poñen a experiencia no centro da creación escénica, pero con proxectos moi diversos. El Pont Flotant anima a un grupo de espectadores a achegaren as súas vivencias para explorar a educación e os vínculos interxeracionais e crear unha obra á que todos podemos asistir.

Compartiremos unha cea estraña e especial, *La última cena*, ou convidarannos a unha voda da realeza e construiremos, entre todos, o mundo de Hamlet.

Sé o noso cómplice!

*Sube ao OTNI!
Ao máis exclusivo do FIOT,
ao máis vivo,
ao alternativo,
ao creativo,
ao humor intelixente,
á innovación,
ao máis persoal...
ao EXCEPCIONAL!*



VIII CICLO
otni

(OBXECTO TEATRAL
NON IDENTIFICADO)

S23 set / 20.30 h

El pont flotant

(Comunidade Valenciana)

EL HIJO QUE QUIERO TENER

ESTREA
EN GALICIA

LUGAR: PAZO DA CULTURA

ENTRADA: 5 € | DURACIÓN: 70 MIN

Que fillo quería ter o meu pai?
Que fillo queredría ter eu?
Que pai queredría ter o meu fillo?

A idea de paternidade desde diferentes puntos de vista é o tema desta proposta que fala sobre os vínculos emocionais cos fillos e cos pais. Sobre como proxectamos nos outros os nosos medos, as nosas carencias e as nosas expectativas. Do valor que require educar e do esforzo que temos que facer para entender os fillos e os novos tempos, pero tamén da dificultade de comprender as xeracións pasadas. Presente, pasado e futuro atópanse na escena para contarnos historias que falan da vida.

El hijo que quiero tener é un traballo de creación colectiva, feito desde a realidade da experiencia, sen personaxes no que se produce un diálogo interxeracional xurdido dun obradoiro no que participou público do FIOT. Tres xeracións compartiron un espazo de creación

onde expresaron a súa visión sobre a educación, conflitos, medos e desexos.

Unha obra conmovedora e poética que reúne as principais liñas de traballo deste compañía valenciana, que se caracteriza pola experimentación escénica, a mestura constante de realidade e ficción, a proximidade co espectador e un tenro sentido do humor.

Quando era niño me era imposible imaginarme a mí mismo como soy hoy. Estoy a medio camino. (...) Demasiado lejos todavía del abuelo que seré algún día y al que hoy soy incapaz de comprender.



Intérpretes: Álex Cantó, Jesús Muñoz e Pau Pons

Deseño de iluminación: Marc Gonzalo e Álex Cantó


Fotografía e vídeo: José Ignacio de Juan

Audiovisuais e asesoramento artístico: Fermín Jiménez

Asesoramento de movemento: Daniel Abreu

Composición musical: Pedro Aznar
Creación e dirección: Álex Cantó, Joan Collado, Jesús Muñoz e Pau Pons





fiot
CARBALLO

*#all you
need is
Fiot*

Di out / 20.30 h

Reckless Sleepers & Atresbandes

(Reino Unido & Cataluña)

LA ÚLTIMA CENA

LUGAR: PAZO DA CULTURA

ENTRADA: 5 €

DURACIÓN: 60 MIN + 30 MIN PARA

COMPARTIR CO PÚBLICO AS COMIDAS

AFORO LIMITADO: 39 ESPECTADORES

RECOMENDADA PARA MAIORES DE 16 ANOS

36 **M**entres as copas de viño se enchén e os pratos desfilan, os tres intérpretes din as últimas palabras de personaxes célebres - a veces tristemente célebres - así como tamén de perfectos descoñecidos. Unha vez pronunciadas, estas palabras escritas nun papel comestible son literalmente tragadas polos intérpretes. Os espectadores son convidados a sentar arredor de tres mesas xunto cos actores, e compartirán doce últimas ceas de condenados a morte.

Baseado en historias reais ou de ficción que tiveron lugar no pasado ou que se desenvolverán no futuro, *A última cea* é unha comida / performance elaborada a partir de citas das últimas vontades de heroes, heroínas, estrelas ou, mesmo, criminais.

ESTREA ABSOLUTA
e COPRODUCCIÓN
DO FIOT

Co nome de *The Last Supper*, esta peza foi creada no ano 2012 por unha compañía inglesa enfocada ao teatro contemporáneo e ás instalacións plásticas, Reckless Sleepers, e ten un longo e exitoso percorrido internacional. Despois de trasladar a experiencia a Italia e Francia con compañías destes países, Mole Wetherell, o director da peza, propúxolle á catalá Atresbandes, coa que coincide na formulación experimental da creación, facer unha versión propia

*Por Woody ... Por profeta de la desgracia, por el pequeño cabo
Por el hombre viejo, por Marylin ... la Monroe
Por el Padre, por el Hijo, por el Espíritu Santo,
por Picasso, por Pablo, por Georges, por Jean, por Paul, por Luc,
por Pierre, por Mathieu
por la viuda ... Capet, por la Señora ... Déficit...*

do espectáculo. O FIOT aceptou a proposta de Atresbandes, compañía que estivo no Otni hai uns anos con *Locus amoenus*, de participar nesta produción e realizar a estrea en Carballo.

Intérpretes e adaptación: Albert Pérez Hidalgo, Miquel Segovia Garrell e Mònica Almirall Batet
Creación de espazo escénico e sonoro, dramaturxia e dirección: Mole Wetherell

S7 out / 19.00 h



ATENCIÓN A ESTE HORARIO!

[los números imaginarios]

(Madrid)

ESTREA
EN GALICIA

HAMLET ENTRE TODOS

LUGAR: PAZO DA CULTURA

ENTRADA: 5 €

DURACIÓN: 4 HORAS CON DESCANSO

AFORO LIMITADO: 80 ESPECTADORES

NON RECOMENDADO A MENORES DE 14 ANOS

AOS ESPECTADORES OFRECERÁNSELLES SOBREMESAS E BEBIDAS ALCOHÓLICAS

EN DEFERENCIA AOS NOIVOS, ACONSÉLLASE VESTIR «ARREGLADIÑO», AÍNDA QUE NON SE PRECISA ETIQUETA

A TRAVÉS DE ACCIÓNS GUIADAS, DIFERENTES ESPECTADORES ASUMIRÁN ROLES DURANTE A FUNCIÓN, E PODERÁN QUEDAR Á MARXE COMO MERAS TESTEMUÑAS SE O DESEXAN

Benvidos a Elsinore, o reino do príncipe Hamlet. Os espectadores seredes divididos en catro grupos: os homes adultos representaredes o tío de Hamlet, o novo rei Claudio; as mulleres adultas a raíña Gertrudis, a súa nai viúva; os mozos seredes o seu mellor amigo, Horacio; e as mozas a súa namorada, Ofelia. Estadés todos invitados á Voda Real entre Claudio e Gertrudis onde sobrevivirán escuros acontecementos.



Hamlet só na escena. El e a súa mente prodixiosa; a súa liberación e o seu cárcere. Percorre as súas emocións apoiado en cancións interpretadas en directo. Somos testemuñas mudas da súa dor, pero el precísanos para chegar ao final, ao tempo que a súa mirada e o seu silencio o condenan.

Benvidos a unha experiencia inmersiva única, na que é preciso a colaboración do público para

construír o mundo de Hamlet. Este é o segundo traballo desta compañía de investigación sobre o teatro experiencial e inmersivo onde é esencial a interacción co espectador e actualización de textos de repertorio.

*Adiós, adiós, Hamlet.
Recuérdame siempre*



Intérpretes: Alejandro Pau, Carlos Tuñón, Daniel Jumillas, Antiel Jiménez, Irene Domínguez, Miguel Ruz e Paloma García-Consuegra

Estética: Antiel Jiménez

Iluminación: Miguel Ruz

Deseño sonoro: Daniel Jumillas

Audiovisual: Gonzalo Bernal e Javier Pascual

Imaxe cadro: Silvia Grav

Coreografía combate: Marta Gómez

Asesores música: Roma Calderón e Carlos Ramos

Axudantes de dirección: Irene Domínguez e Daniel Jumillas

Versión e tradución: Carlos Tuñón e Alejandro Pau

Dirección: Carlos Tuñón

A PARTE MÁIS


irreverente

E DIVERTIDA

DA ESCENA

A ovella negra

DO FIOT



R
UA
DOS

CONTOS
XIXEDICI

ONCARBALLO2017



A Rúa do Contos regresa de novo ás rúas e bares e cafetarías de Carballo con máis forza ca nunca nesta nova edición. Durante tres fins de semana, con 12 obras, o espectador poderá gozar de excelentes monólogos, moito humor a través da música e da tradición oral, da poesía e do teatro tanto en pequenos formatos como en sesións dobres.

Grazas á complicidade con 10 locais de hostalaría de Carballo, a Rúa dos Contos continúa apostando por valores emerxentes e por novas propostas do humor e da palabra, sen olvidar a experimentados e recoñecidos narradores da tradición oral.

Achégate sen medo á
#ovellamegradofiot

VEN 22 SET

23.00 h
Cafetería Colón
GUTI
Las historias del Filandar

Dicir Guti é dicir, contador de historias, un referente imprescindible na narración oral a nivel nacional. Este contador recupera a memoria colectiva do conto de pobos da zona de León, Zamora e Salamanca. Un traballo excepcional e enriquecedor para a tradición oral, pois os contos e os romances son recollidos directamente de narradores tradicionais, principalmente anciáns do mundo rural.

Las historias del Filandar é un espectáculo creado a partir das historias persoais, dos recordos, das fabulacións dos vellos narradores, das xentes que



compartiron matanzas, bailes, traballos e penas, e no que se respecta especialmente a palabra, a maneira de dicila, da fala de cada informante definindo así un estilo de narrar especial e único deste narrador castelá.

Entrada gratuíta

SÁB 23 SET

22.30 h
Cervexaría A Bombonera
PAULA CARBALLEIRA
Os contos que me foron contando



Hai quen cando escoita un conto sente que debe corresponder, e cóntalle outro de volta a quen llo contou. Iso só se paga con palabras.

Estas historias son todas verdadeiras, todas únicas, como as persoas que mas confiaron en diferentes lugares, en diferentes tempos. Algunhas levan acompañándome moitos anos; outras, só uns meses. Falan da vida e da morte, do amor e do humor, da memoria e do esquecemento, os grandes temas que non poden faltar en ningunha equipaxe. Son os contos que me foron contando.

Sempre é un pracer que regrese á Rúa dos Contos Paula Carballeira, xa que é unhas das narradoras máis importantes en Galicia, e ademais de ter unha forte vinculación co festival xa que é Xogaresa de Outono 2010.

Entrada gratuíta

00.30 h
Mesón do Pulpo
DAVID PERDOMO
En crudo



David Perdomo volve aos seus inicios, con intensas descargas de humor, de improvisación, sátira, ironía e rock&roll, tan presentes nos

DOM 24 SET



NO MERCADO MUNICIPAL ANDAR 2º

+ INFO nas páxinas 8 e 9 deste programa

20.00 h
FÉLIX ALBO
Tanatorium

ESTREIA EN GALICIA



21.30 h
QUICO CADAVAL
Fantasmas familiares



2 FUNCIONES
6 €

seus monólogos. Este actor conta cunha importante traxectoria no mundo da interpretación tanto en televisión autonómica e nacional, como en teatro, e acadar nestes quince anos de traxectoria unha enorme versatilidade actoral.

O monólogo *En crudo* esmiuzará o ridículo do xénero humano nestes momentos, con anécdotas propias, para darnos a coñecer un contador con moita sorna. Unha descarga de comedia que non deixará impasible o espectador.

+ 18 anos
Entrada 3 €

VEN 29 SET

23.00 h
Cervexaría Ágora
PEPE CAPELÁN
Contos dun rapaz de aldea



O humorista Pepe Capelán fai un repaso polas súas vivencias como rapaz de aldea, e os contrastes que sofre cando un vai vivir á cidade.

Acostumado a vivir rodeado de leiras, vacas e tractores, non estaba preparado para o que lle esperaba. Cambiou os velatorios polas compras nos grandes centros comerciais, e as verbenas polas macro discotecas.

Entrada gratuita

00.30 h
Pub O Patacón
CARTA DE AJUSTE
O mellor e o peor dos 80 e 90 en concerto



Máis que un concerto, isto é unha festa. Show que fusiona a comedia e a música a partes iguais, buscando a complicidade e a interacción do oínte en todo momento e envolvendo os asistentes nunha troula fóra do común.

Carta de Ajuste é unha agrupación musical pouco usual tendo en conta o repertorio que defenden. Unha guitarra española, un caixón peruano e dúas voces, David e Iván, abordan as cancións que levamos escoitando toda a vida desde un punto de vista diferente.

Fan versións adaptadas de música dos oitenta e noventa, cun son peculiar e característico que sorprende.

Entrada gratuita

SÁB 30 SET

23.00 h
A Barra Bar
MARTA LADO
O Ás para matar o 3

ESTREIA ABSOLUTA



A Rúa dos Contos ten o privilexio de contar coa estrea absoluta dun novo espectáculo de Marta Lado, que retoma os monólogos exclusivamente para o público do festival, compromiso adquirido fai un tempo e que cumpre na Rúa dos Contos, de aí que sexa unha ocasión moi especial para o festival e para actriz galega.

O Ás para matar o 3 recolle algún conto, algo de fantasía, un chisco de retransca, pouca vergonza e "disques" e "dixomes" varios que conglomoran estes contos que, por

irreflexivos e pouco serios, teñen máis de irracionais que de tradicionais.

Di ti que, ás veces, empezas a falar dunha cousa e váiseche a outra, ou perdes o fío, ou ata te despistas! Pero, vaia, o conto é pasalo serán, ou?

Entrada 3 €

VEN 6 OUT

22.00 h

Mesón A Cabaña

ALBERTE MONTES

Galego pode selo calquera



Ser galego é doado? Depende. Ser galego non é só parar na escaleira e facer crer á xente que non sabemos se subimos ou baixamos, para ser galego hai que reunir moitas máis aptitudes. Os galegos temos un xeito de ser característico e diferenciado doutros pobos e culturas que nos rodean. Neste monólogo demóstranos dende o humor que a baixa autoestima dos galegos non é crónica.

Alberte Montes é un dos humoristas galegos emerxentes, que conta cunha importante traxectoria no mundo audiovisual tanto en televisión e cine, ademais como monologuista leva oito anos percorrendo recoñecidos programas de comedia e de salas a nivel nacional.

Entrada gratuíta

23.30 h

Cafetaría Valle Inclán

ALDAOLADO

Cría fama e bótate a correr



Lucía Aldao e María Lado regresan á Rúa dos Contos cun novo espectáculo onde a poesía, a música en directo e o humor, que caracteriza o dúo son os protagonistas. Nesta ocasión, o público asistente coñecerá novas cancións, poemas inéditos e inesperadas sorpresas, onde a emoción e a risa serán os elementos deste insólito recital de poesía.

Entrada 3 €

SÁB 7 OUT

22.00 h

Bulevar musicafé

OSWALDO DIGÓN, PEDRO

BRANDARIZ E VÍCTOR

GRANDE

Improvisar e gañar!



Da man dos recoñecidos actores Oswaldo Digón, Pedro Brandariz e Víctor Grande, poderemos presenciar o concurso improvisado Improvisar e gañar, no que o público non sabe o que vai suceder e os tres improvisadores que o fan, tampouco.

Neste peculiar concurso as probas que xurden están marcadas polo azar a través dunha ruleta, os temas e características das historias, e quen supera as probas e quen gaña, será decidido polo público. O show será o propio espectador.

Entrada gratuíta



00.00 h

Cervexaría Dublín

OS FILLOS DO ESTRAMONIO


Rock&Risa



Que son? Rockeiros? Ou humoristas? Se xuntas nunha cocteleira media ducia de tolos que lles gusta a música, o rock e o humor, o que sae é este grupo, que interpretará clásicos do Rock&Roll con letras adaptadas ao galego cunha base de humor moi potente.

Entrada 3 €

HUMOR,
TEATRO,
MONÓLOGOS,
NARRACIÓN,
MÚSICA,
CONTOS,...



EP
EN PARALELO

PRESENTACIÓN DO PROGRAMA DO FIOT 2017

Coa participación da Aula de Teatro Municipal do Concello de Carballo



A Asociación Cultural Telón e Aparte e o Concello de Carballo, organizadores do FIOT 2017, realizarán a presentación oficial do programa da 26 edición do Festival, xunto coas entidades patrocinadoras, voluntarios, socios de Telón e Aparte e espectadores. Un primeiro encontro entre todos os “implicados” para coñecer esta edición e intercambiar as primeiras impresións.

No transcurso deste acto a Aula de Teatro Municipal de Carballo realizará unha intervención teatral.

Data: venres 1 de setembro

Lugar: Pazo da Cultura
Asistencia libre

TR TEATRO DE RÚA

Ven 22 set / 20.30 h

Cirk about it (Castela e León)

EL APARTAMENTO

PARA TODOS OS PÚBLICOS | 50 MIN



Cando o circo é o protagonista no salón da túa casa, todo pode trocarse en excepcional. A rutina pode romper con facilidade e converterse en fazaña engadindo só unhas pingas de circo.

(+ **INFO** na páxina 6 deste programa)

Dentro do **ciclo m²** tamén poderemos gozar de dous espectáculos na rúa:

Dom 8 de out
ENTRETÉS
Areas do deserto

Sáb 21 out
PRÁCIDO DOMINGO
Non hai que ser unha casa para ter pantomas

(+ **INFO** nas páxinas 53 e 54 deste programa)

O teatro estará presente en toda a cidade, tamén nas rúas e prazas de Carballo, que acollen espectáculos de teatro de rúa e de animación teatral que sorprenderán a todos os públicos.

NA PRAZA DO CONCELLO (en caso de choiva, no 2º andar do Mercado Municipal)

Ven 6 out / 20.30 h

Godot (Portugal)

LULLABY

PARA TODOS OS PÚBLICOS | 50 MIN



Un pallaso transgresor chega á Praza. Non seremos alleos á súa presenza e participaremos nunha aventura na que partimos todos á busca do sorriso, da complicidade e da emoción. Embarcaremos nun ambiente poético, alimentado pola música en directo, rumbo ao novo mundo do xogo.

Lullaby é un espectáculo dinámico con participación directa do público, unha performance cómica e provocadora que abre espazo ao xogo de improvisación entre un

clown rebelde e o espectador. *Godot* é a revelación do clown portugués que está conquistando Europa co seu traballo de exploración do pallaso contemporáneo, do teatro físico e das artes de rúa. Premiado en festivais cautivou ao Cirque du Soleil.

O clown dos tempos modernos

Intérprete: Rui Paixão

Música e efectos sonoros: Carlos Reis
Creación e dramaturxia: Rui Paixão e Carlos Reis

CERTAME DE MICROTEATRO METRO CADRADO

Teatro sen barreiras, esencial, sen artificios, sen rede. Teatro mínimo, intenso, en primeiro plano. Teatro que nos asalta desde o cotián, desde a proximidade, desde espazos domésticos... nun metro cadrado.

Isto é o que queremos ofrecer con este ciclo que abrimos no FIOT. Unha nova experiencia para o público que pode mirar aos ollos dos actores, tocar, ulir e mesmo saborear. Vivir intensamente unha experiencia teatral diferente.

Para experimentar este novo formato convocamos a novas compañías e artistas emerxentes a través do Certame de Microteatro m² e convidámoslos a crear un espectáculo de 10 ou 20 minutos para un dos espazos non teatrais que lles ofrecemos. Recibimos preto de cincuenta propostas e un xurado seleccionou as seis máis apropiadas para unha zapataría,



uns aseos, unha papelería, un cuarto dunha casa ou a rúa.

A valoración que faga o público premiará as mellores interpretacións e o mellor espectáculo con 150 € e 100 € respectivamente.

ACCESO AOS ESPECTÁCULOS: ENTRADA GRATUÍTA ATA COMPLETAR AFORO


DADAS AS LIMITACIÓNS DE AFORO, RECOMÉNDASE RESERVAR EN fiot.microteatroentrada@gmail.com (indicando nome do espectáculo, horario, nome e apelidos do espectador e teléfono de contacto)

sáb 7 out

13.00 h, 13.30 h, 19.00 h e 19.30 h
Lugar: Papelería San Ramón

ROBERTO ALVITE E
REBECA AMOR
In Memoriam

ESTREA
ABSOLUTA



Chegan tempos de cambio. Para o político Roberto García a presentación das súas memorias semella un bo momento para botar a vista atrás con nostalxia... ou para botala cara a outro lado. A intervención dunha ambiciosa xornalista faralle ter que pór a proba o seu talento. Ata onde chega a vocación de servizo? Temos na memoria o noso mellor aliado... ou unha pesada carga?

Os dous actores deste espectáculo teñen experiencia tanto no mundo audiovisual como no teatro. Esta é a segunda obra de microteatro que crean.

DURACIÓN: 13 MINUTOS | AFORO: 20 ESPECTADORES | TODOS OS PÚBLICOS

Intérpretes: Rebeca Amor e Roberto Alvite
Texto: Roberto Alvite

dom 8 out

13.00 h, 13.30 h, 19.00 h e 19.30 h
Lugar: Rúa Coruña

ENTRETÉS
Areas do deserto



Juan e Ro tocan na rúa. A música é a súa paixón. Unha amiga de Ro vén hoxe tocar con eles e será o xerme do conflito. Pero os sonhos, hai que perseguilos.

Entretés é un grupo especializado en microteatro que creou varios espectáculos neste formato que teñen en común a crítica e o compromiso social. Nesta obra a música en directo ten gran protagonismo.

DURACIÓN: 15 MINUTOS | AFORO: NON LIMITADO | TODOS OS PÚBLICOS

Intérpretes: Pedro Placer, Jimmy Núñez e María Francelina
Dirección musical: Pedro Placer
Texto: José Mejuto
Dirección: María Francelina

sáb 14 out

18.30 h, 19.00 h, 19.30 h e 20.00 h
Lugar: Aseos do Pazo da Cultura

SAL DO TEATRO
Váter (comedia claustrofóbica)



O váter que se atopa na sancristía da igrexa da vila, está atascado. O crego chama a Moncho, o fontaneiro do pobo. Ambos quedan pechados e deberán agardar polo señor Tallón para que lles abra a porta. A desesperación sacará a relucir as súas verdadeiras personalidades nesta hilarante comedia.

Os compoñentes desta compañía santiaguesa teñen unha ampla traxectoria teatral. Este foi o seu primeiro espectáculo, representado por vez primeira no 2016.

DURACIÓN: 20 MINUTOS | AFORO: 10 ESPECTADORES | TODOS OS PÚBLICOS

Intérpretes: Xurxo Barcala e Borja Salgado
Escenografía e Iluminación: Javier Quintana
Texto: Roberto Salgueiro
Dirección: Beatriz Bravo

sáb 21 out

13.00 h, 13.30 h, 19.00 h e 19.30 h
Lugar: Praza, acceso á Casa do Concello

PRÁCIDO DOMINGO
Non hai que ser unha casa para ter pantomas



Este espectáculo utiliza a arte marcial Aikido, a danza contemporánea, o teatro físico ou a danza Butoh para explorar a capacidade de adaptación a un estado ou situación adversa.

Abrazando e acariciando as nosas cicatrices e facéndoas visibles. O fermoso da ferida, a vitoria do presente pola aceptación do pasado.

Prácido Domingo é unha compañía emerxente que ten como obxectivo afondar na linguaxe do corpo.


DURACIÓN: 20 MINUTOS | AFORO: NON LIMITADO | TODOS OS PÚBLICOS

Intérpretes: Belén Bouzas, Fran Martínez e Diego M. Buceta
Iluminación: Laura Iturralde
Creación: Prácido Domingo

sáb 21 out

18.30 h, 19.00 h, 19.30 h e 20.00 h
Lugar: Zapataría Mariño

TUKUMPAS TEATRO
Amor de pé



Cal é a musicalidade do paso do tempo? O amor, a soidade, a paixón e o fracaso son notas fundamentais nesta composición rítmica na que a venda de zapatos aparece como centro da acción. Esta é unha comedia xestual do grupo Tukumpas Teatro.

DURACIÓN: 15 MINUTOS
AFORO: 30 ESPECTADORES
TODOS OS PÚBLICOS

Intérpretes: Davide González, Martin Pol e Rubén Porto

sáb 28 out

De 11.00 h a 14.00 h
De 18.00 h a 21.00 h
Lugar: 2º andar da Taberna O Mexillón

IRIA SOBRADO
Brinde



“Trouxen algúns, e só algúns, dos meus libros favoritos. A maioría están subliñados. Podes abrílos por onde queiras. Podes ler en alto, en voz baixa. Déixasme que che lea o meu poema favorito?”

Chámome Iria Sobrado e gústanme os fogos artificiais. Vouche contar unha historia. Así se presenta a actriz-performer desta experiencia individual e única.

Un único espectador, un único acompañante en cada quenda. Fóra, na porta, terás as instrucións de acceso. Unha sorte de “comuñón” entre a artista e os visitantes, a experiencia dun instante con entidade propia.

DURACIÓN: 10 MINUTOS | AFORO: 1 ESPECTADOR | TODOS OS PÚBLICOS

Intérprete e creación: Iria Sobrado
(Coa colaboración de Bodegas de Rectoral de Amandi e DOP San Simón da Costa)



Programa especial do FIOT para

nenos e nenas



S 16 set

20.00 h

ESTREA ABSOLUTA
e COPRODUCCIÓN
DO FIOT

Galeatro

(Galicia)

MUIÑADA



PREZO DA ENTRADA: 3 / 2 €

(os socios e abonados terán dereito a unha entrada infantil gratis mercando a súa)

LUGAR: Pazo da Cultura

DURACIÓN: 50 min

Público familiar, a partir de 5 anos

Xacobe e Sabela atópanse nun muíño de auga. Como non poden moer a un tempo, comezan unha discusión na que o xogo, as lendas, a tradición e a música achegarán a cativos ou maiores a unha construción fundamental para a Galicia do século XX. Unha viaxe ao pasado para nenos de hoxe.

A primeira compañía de teatro profesional de Carballo estrea no FIOT a súa primeira obra infantil de gran formato: *Muiñada*. Os seus fundadores son Alba Bermúdez e Tone Martínez, e pretenden promover a través dos seus espectáculos a cultura e a tradición galega. Coas súas creacións didácticas

levan percorridos centros educativos e teatros de toda Galicia.

*Unha noite no muíño,
unha noite non é nada,
unha semaniña enteira,
esa si que é muiñada!*



Intérpretes: Alba Bermúdez e Tone Martínez

Escenografía: Anahí Taraburelli

Asesoramento de danza: María Martínez

Texto: Ana Carreira

Dirección: Davide González



Noite branca no teatro

Como en cada edición, os máis pequenos terán unha oportunidade de coñecer os segredos do teatro e vivir unha experiencia inesquecible arredor deste máxico mundo, tamén nunha hora máxica, a noite.

Os nenos e nenas serán os protagonistas dun minicampamento no que coñecerán como é un teatro por dentro, participarán en divertidos obradoiros e mesmo crearán unha pequena obra.

A cea, a noite nos sacos de durmir no teatro e o almorzo da mañá seguinte, formarán parte desta aventura chea de xogos, sorpresas e moito teatro.

Datas e horario: das 19.00 h do mércores 11 de outubro ás 11.00 h do xoves 12

Lugar: Pazo da Cultura

Prezo: 20 € (terán preferencia os socios da AC Telón e Aparte)

Inscrición: Pazo da Cultura, do 20 de setembro 2 de outubro

Prazas: 25 nenos/as

Idades: de 6 a 12 anos

Organiza: AC Telón e Aparte

XVII Concurso escolar de teatro lido Xosé Manuel Eirís



Este veterano concurso organizado pola AC Telón e Aparte conta coa colaboración da emisora Radio Voz Bergantiños e da Librería Brañas co obxectivo de promover a interpretación oral entre os máis pequenos e visibilizar a potencialidade dramática da radio.

Pequenos grupos de escolares e de asociacións de Bergantiños fan chegar ao teatro a todos os currunchos de Bergantiños e Costa da Morte a través das ondas de radio, realizando unha interpretación lida dun fragmento dun texto teatral.

Ademais de gozar da experiencia radiofónica nuns estudos profesionais, os gañadores repártense premios por un importe de 850 €.

FINAL E ENTREGA DE PREMIOS:

Pazo da Cultura, domingo 5 de novembro. Participarán os finalistas do concurso e actuará como mestre de cerimonia **Caxoto**.

Prazo de inscrición: ata o 2 de outubro
Organiza: AC Telón e Aparte, co apoio de Radio Voz e Librería Brañas.

ESCOLA DO ESPECTADOR



Continuamos cun proxecto iniciado hai xa dous anos, a Escola do Espectador, coa que facilitamos o achegamento do feito teatral aos espectadores e a formación naqueles aspectos artísticos e técnicos que permitan a comprensión, amplíen a súa lectura e formen unha opinión fundamentada sobre eles, como un instrumento de aprendizaxe e goce cultural.

Durante o FIOT terán lugar catro sesións que tomarán como punto de partida as obras programadas no FIOT.

Lugar: Pazo da Cultura

Datas de celebración: faranse públicas a través da páxina web do festival.

Organiza: AC Telón e Aparte

CAFÉ CON...



Encontros entre espectadores e grupos teatrais que pretenden aproximarnos ao proceso creativo, á linguaxe e aos códigos de interpretación dun espectáculo, amosando de primeira man o proxecto artístico da compañía e da obra, resolvendo dúbidas e curiosidades ou intercambiando opinións. Un agradable espazo de comunicación tomando un café.

Sempre que as circunstancias das compañías e da montaxe dos espectáculo o permitan, celebrárase todos os días de función.



Aberto a todos os espectadores sen necesidade de inscrición previa.

Datas: os días das representacións

Lugar: Pazo da Cultura

Horario: 19.00 h, habitualmente, aínda que se concretará durante o festival en función dos condicións da montaxe de cada espectáculo.

OBRADOIRO ESCÉNICO INTERXERACIONAL DEL PONT FLOTANT



Obradoiro de creación escénica interxeracional a cargo dos membros da compañía valenciana El Pont Flotant, no que se achegarán á educación, aos seus conflitos, aos seus medos e aos seus desexos.

A través de propostas sinxelas e lúdicas que se mesturan coa improvisación, a expresión corporal e o xogo, entre outros, os participantes vivirán unha experiencia creativa excepcional.

Durante tres sesións os participantes crearán un diálogo escénico de como os pais e fillos se queren e de como nos costa comunicarnos entre xeracións pasadas.

Como resultado final farán entre todos o espectáculo *El hijo que quiero tener* que será representado nunha función de teatro o último día do obradoiro, o sábado 23 pola tarde.



*Convidámosvos a explorar outras opcións máis alá de mirar.
No OTNI 2017 ti es o protagonista!*



Sesións do obradoiro:

20, 21 e 22 de setembro pola tarde
23 de setembro pola mañá

Día da función: 23 de setembro

Horario: 20.30 h

Destinatarios: Nenos e nenas entre 10 e 12 anos
Adultos entre 40 e 80 anos

Prazo de inscrición ata o 11 set
Prazas limitadas

Inscricións en:

Pazo da Cultura

Rúa do Pan, s/n

Teléfono: 981 704 300

f FIOT (FestivalInternacionaloutonodeteatro)

@FiotCarballo

f iot.carballo@gmail.com

www.flot.gal

ZOOM FIOT



EXPOSICIÓN ZF 2016

Mostra das imaxes que se realizaron durante o FIOT 2016 dentro do Proxecto fotográfico Zoom FIOT, no que 6 fotógrafos locais nos aproximan a momentos do festival non sempre accesibles para os espectadores.

Os fotógrafos participantes son: Rebeca Blanco, José M^a de la Viña, Esther Chamoso, Carlos Suárez, Adriana Díaz e Mon Lendoiro.

Data: Do 22 de setembro ao 28 de outubro
Lugar: Sala de Exposicións do Auditorio do Pazo da Cultura
Organiza: AC Telón e Aparte

ZOOM FIOT 2017

Seguimento fotográfico do FIOT 2017 realizado por varios fotógrafos convidados que achegarán o obxectivo fotográfico ao Festival tratando de captar a actividade que ten lugar durante este e que permanece oculta ao público.

OBRADOIRO DE IMPROVISACIÓN TEATRAL E CREACIÓN DE NOVOS CONTOS



Gustaríache crear as túas historias ou expresarte mellor? Con esta actividade podes desenvolver a imaxinación e a creatividade e construír unha narración de maneira espontánea, aprendendo as técnicas básicas de improvisación teatral.

Cos membros do grupo Themomento Impro aprenderás a importancia da cooperación cos demais e de saber escoller as ideas que están no aire para a creación de novas historias.

Destinatarios: adultos e mozos a partir dos 13 anos

Inscrición: Do 11 ao 29 de setembro, na Biblioteca (981 758 580) ou no enderezo biblioteca@carballo.gal

Prazas: limitadas

Lugar: Biblioteca Rego da Balsa de Carballo

Data: sábado, 30 de setembro

Horario: de 10 a 13.00 h

Organiza: Concello de Carballo.

Esta actividade forma parte do programa Ler Conta Moito para a dinamización da lectura en bibliotecas públicas

CREANDO TEATRO: COPRODUCCIÓNS E RESIDENCIAS ARTÍSTICAS DO FIOT



Coa vontade de ir un paso máis alá da difusión e dinamización teatral, o FIOT manifesta a súa inxenuidade pola creación escénica ofrecendo o seu marco para a presentación e estrea de espectáculos (nesta edición estaremos 13 obras, das que 7 son estreas absolutas) e, desde hai xa varios anos, colaborando con compañías na xeración d novas propostas, implicándose na súa produción.

Nesta edición participamos na produción de tres obras:

· *Fillos do sol*, con

Contraproducións, co que queremos realizar unha contribución artística á conmemoración do pasamento do bergantiñán Eduardo Pondal.

· *Muiñada*, da compañía de Carballo

Galeatro.

· *La Última Cena*, unha coprodución coas compañía catalá **Atresbandes** e **Reckless Sleepers**, do Reino Unido.

As tres realizarán residencias no Pazo da Cultura para a preparación do seu espectáculo, previas á súa Estrea no FIOT, o mesmo que a compañía de Cataluña **Titzina Teatro**, que realizará a Estrea absoluta de *La Zanja*.

Desde o novidoso Ciclo de **Microteatro m²** redundamos tamén nos procesos de creación. Con el pretendemos detectar e visibilizar a creadores emerxentes que investigan novos formatos e espazos para o teatro.

Agardamos que estas colaboracións sexan experiencias tan positivas como as anteriores e continúen a traernos moitas satisfaccións.

ENCUNTRO ENTRE ESCENA GALEGA, ORGANIZADORES DE FESTIVAIS E PROGRAMADORES

O FIOT busca tamén a creación dun espazo de reflexión coas estruturas creativas e de produción das artes escénicas. Convidamos a Escena Galega (a asociación de compañías e distribuidores das artes escénicas de Galicia) a realizar unha asemblea en Carballo durante o Outono de Teatro e convocaremos a programadores e organizadores de festivais a unha xuntanza con esta asociación, para buscar sinerxías entre dúas partes tan importantes da estrutura teatral.

A sesión da tarde estará aberta a público xeral. Programa máis detallado en fiot.gal e redes sociais.

Data: xoves, 19 de outubro

Lugar: Pazo da Cultura

PREMIO DO PÚBLICO OUTONO DE TEATRO 2017



Participa na programación de videiras edicións do FIOT expresando a túa opinión sobre os espectáculos. Puntúa cada espectáculo e convidaremos a formar parte dunha futura edición cun novo espectáculo á compañía que reciba a mellor puntuación dos espectadores.

No 25 FIOT o gañador foi o espectáculo Cervantina, versións e diversións sobre textos de Cervantes da compañía Ron Lalá e Compañía Nacional de Teatro Clásico, cunha puntuación de 4,75 puntos (sobre 5).

DÁLLE UN BOCADO AO FIOT

Durante o mes de outubro, o FIOT chega tamén a un grupo de establecementos de hostalaría de Carballo (restaurantes, cervexarías, viñotecas ou cafetarías) que preparan os seus “bocados” especiais inspirados no Outono de Teatro. Todos os que proben unha destas tapas, pinchos ou almozos participan nun sorteo de entradas para o FIOT, ademais dunha cea e aloxamento de balde nun

establecemento de Carballo. Os clientes dos locais participantes sorprenderanse con pequenas intervencións teatrais relacionadas coa temática do FIOT de novos actores e actrices carballeses, dirixidos pola actriz Alba Bermúdez.

Lugar: Establecementos de hostalaría de Carballo
Data: mes de outubro
Organiza: Concellaría de Promoción Económica do Concello de Carballo

VOLUNTARIOS FIOT



Se queres coñecer por dentro un dos festivais de referencia en Galicia e compartir o teu gusto polo teatro con nós, podes contactarnos a través da nosa páxina web fiot.gal ou no teléfono 981 704 300.

O FIOT conta desde hai oito anos cun programa de voluntarios que implica a afeccionados ao teatro no desenvolvemento do festival. Únete ao fantástico equipo que, desinteresadamente, contribúe co seu tempo a que o Festival sexa mellor. Moitas grazas a todos pola vosa imprescindible implicación.



#procuramosousados

Xogaresa de outono 2017

Mónica Caamaño

A actriz Mónica Caamaño foi elixida nesta XXVI Edición do FIOT como Xogaresa de Outono 2017 pola súa intensa e diversa traxectoria profesional e compromiso activo co sector cultural.

Mónica Caamaño é unha muller polivalente; a súa carreira transcorre entre o teatro, o cine e a televisión. A súa versatilidade fai dela unha profesional cunha óptimas calidades para desenvolverse en calquera destes ámbitos artísticos.

Desde que comezara a súa andaina artística, hai 30 anos, colaborou con compañías como o Centro Dramático Galego, Teatro do Aquí, Teatro de Ningures, Teatro do Morcego ou agora con Contraproducións.

Foi merecedora dun premio María Casares pola súa calidade interpretativa.

A sensibilidade coa que a nosa nova xogaresa aborda os personaxes e a temática no seu traballo involúcrana e comprométena, dun xeito especial, co sector cultural, levándoa, por exemplo, a constituír xunto co tamén actor e director portugués Zé Paredes un proxecto de posta en común das realidades galego-portuguesa a través da poesía, Teatro Nu.



Tamén dirixiu diversos espectáculos, ademais de ser parte activa na dinamización teatral, con grupos de teatro afeccionado.

O acto de entrega do galardón desta edición está previsto para o venres 27 de outubro, ás 21.00 h, previo ao inicio da función.



Este nomeamento honorífico do Festival Internacional Outono de Teatro reconece unha persoa ou entidade que destaque pola súa traxectoria na promoción e desenvolvemento do teatro en Galicia. A elección da galardoadora correspóndelle aos anteriores Xogares de Outono e á AC Telón e Aparte.

Foron merecedores deste premio Roberto Vidal Bolaño, Artur Trillo, Celso Parada, Víctor Mosqueira, Quico Cadaval, Dorotea Bárceña, Cándido Pazó, Paula Carballeira, Marcelino de Santiago “Kukas”, Alberto Gende, Xosé Manuel Oliveira “Pico”, Eduardo Rodríguez Cunha “Tatán”, Susana Dans e Miguel de Lira.

PREZOS

PROGRAMA DE SALA

→PREZO DO BONO

Poñeranse á venda un total de 200 bonos.

80 €: para asistir a todas as representacións do auditorio

75 €: prezo reducido do bono

(estudantes con carné de estudante, maiores de 65 anos e parados, presentando documentos que acrediten a súa condición)

→PREZO DA ENTRADA

8 €: *La zanja* (29 set.), *Resaca* (14 out), *Slips* (22 out) e *Fillos do sol* (28 out)

12 €: *El ciclista utópico* (13 out), *Todo el tiempo del mundo* (20 out) e *Arte* (21 out)

15 €: *La ternura* (30 set.) e *Incendios* (15 out)

CICLO OTNI

5 €: *El hijo que quiero tener* (23 set), *La última cena* (1 out) e *Hamlet entre todos* (7 out)

FAMILIAR

3 € / 2 €: *Muiñada* (16 set)

Prezo reducido para menores de 12 anos. Os socios e abonados terán dereito a unha entrada infantil gratis mercando a súa

RÚA DOS CONTOS

6 €: SESIÓN DOBRE MERCADO: Félix Albo + Quico Cadaval (24 set)

Os socios e abonados terán o 50% de desconto na sesión do Mercado presentando o carné de socio

3 €: Funcións en locais de hostalaría con entrada

PUNTOS E DATAS DE VENDA

VENDA ANTICIPADA

www.ticketea.com, no teléfono **902 044 226**, www.fiot.gal ou www.facebook.com/festivalinternacionaloutonodeteatro

→**BONOS** (Programa de sala)

>SOCIOS AC TELÓN E APARTE:

Do 6 ao 12 de setembro

>PÚBLICO EN XERAL:

A partir do 13 de setembro

→**ENTRADAS SOLTAS**

(Programa Sala, OTNI e Sesión Dobre no Mercado)

>Desde o 13 de setembro ata o día antes de cada función

>Día da función: 90 minutos antes do inicio da función, na billeteira do Pazo da Cultura


→**FUNCIONÉS EN LOCAIS DE HOSTALARÍA CON ENTRADA**

Nos propios locais a partir do 15 de setembro

VENDA O DÍA DA FUNCIÓN

Na billeteira habilitada no espazo da función desde 90 minutos antes do inicio

REDES SOCIAIS

 FIOT
(Festivalinternacionaloutonodeteatro)

 @FiotCarballo


 FIOT Carballo

 FIOT Carballo

 FIOT Carballo

 FIOT Carballo

 FIOT Carballo

 fiot@fiot.gal

 comunicacion@fiot.gal

 www.fiot.gal

Calendario de actuacións

CAFÉ CON...

Os días das representacións, no Pazo da Cultura. Concretaranse os horarios durante o festival.



Sábado 16 set

FAMILIAR
GALEATRO
MUÑADA
Pazo da Cultura
20.00 h
Entrada: 2€ / 3€

Venres 22 set

TEATRO DE RÚA
CIRK ABOUT IT
EL APARTAMENTO
Praza do Concello
20.30 h
Entrada libre

RÚA DOS CONTOS
GUTI
Café Colón
23.00 h
Entrada libre

Sábado 23 set

OTNI
EL PONT FLOTANT
EL HIJO QUE QUIERO
TENER
Pazo da Cultura
20.30 h
Entrada: 5€

RÚA DOS CONTOS
PAULA CARBALLEIRA
Cervexaría A Bombonera
22.30 h
Entrada libre

DAVID PERDOMO
Mesón do Pulpo
00.30 h
Entrada: 3€

Domingo 24 set

SESIÓN DOBRE RÚA DOS CONTOS
FÉLIX ALBO
20.00 h
QUICO CADAVAL
21.30 h
Mercado Municipal (2º andar)
Entrada: 6€

Venres 29 set

PROGRAMA DE SALA
TITZINA
LA ZANJA
Pazo da Cultura
21.00 h
Entrada: 8€

RÚA DOS CONTOS
PEPE CAPELÁN
Cervexaría Ágora
23.00 h
Entrada libre

CARTA DE AJUSTE
Pub O Patacón
00.30 h
Entrada libre

Sábado 30 set

PROGRAMA DE SALA
TEATRO DE LA CIUDAD E TEATRO DE LA ABADÍA
LA TERNURA
Pazo da Cultura
20.30 h
Entrada: 15€

RÚA DOS CONTOS
MARTA LADO
A Barra Bar
23.00 h
Entrada: 3€

Domingo 1 out

OTNI
ATRESBANDES
LA ÚLTIMA CENA
Pazo da Cultura
20.30 h
Entrada: 5€

Venres 6 out

TEATRO DE RÚA
GODOT
LULLABY
Praza do Concello
20.30 h
Entrada libre

RÚA DOS CONTOS
ALBERTE MONTES
Mesón A Cabaña
22.00 h
Entrada libre

ALDAOLADO
Cafetería Valle Inclán
23.30 h
Entrada: 3€

Sábado 7 out

m²
ROBERTO ALVITE E REBECA AMOR
IN MEMORIAM
Librería San Ramón
13.00 / 13.30 h / 19.00 / 19.30 h
Entrada gratuita

OTNI
LOS NÚMEROS IMAGINARIOS
HAMLET ENTRE TODOS
Pazo da Cultura
19.00 h
Entrada: 5€

RÚA DOS CONTOS
OSWALDO DIGÓN, PEDRO BRANDARIZ E VÍCTOR GRANDE
Bulebar Music Café
22.00 h
Entrada libre

OS FILLOS DO ESTRAMONIO
Cervexaría Dublín
00.00 h
Entrada: 3€

Domingo 8 out

m²
ENTRETÉS
AREAS NO DESERTO
Rúa Coruña
13.00 / 13.30 h / 19.00 / 19.30 h
Entrada gratuita

Venres 13 out

PROGRAMA DE SALA
FEELGOOD TEATRO, EMILIA YAGÜE P. e TEATRO CALDERÓN
EL CICLISTA UTÓPICO
Pazo da Cultura
21.00 h
Entrada: 12€

Sábado 14 out

m²
SAL DO TEATRO VÁTER
Pazo da Cultura
18.30 / 19.00 / 19.30 / 20.00 h
Entrada gratuita

PROGRAMA DE SALA
ILMAQUINARIO
RESACA
Pazo da Cultura
20.30 h
Entrada: 8€

Domingo 15 out

PROGRAMA DE SALA
YSARCA
INCENDIOS
Pazo da Cultura
20.00 h
Entrada: 15€

Venres 20 out

PROGRAMA DE SALA
BUXMAN P. e KAMIKAZE P.
TODO EL TIEMPO DEL MUNDO
Pazo da Cultura
21.00 h
Entrada: 12€

Sábado 21 out

m²
PRÁCIDO DOMINGO
NON HAI QUE SER UNHA CASA PARA TER PANTASMAS
Praza do Concello
Acceso ao Concello
13.00 / 13.30 h / 19.00 / 19.30 h
Entrada gratuita

TUKUMPAS TEATRO
AMOR DE PÉ
Zapatería Mariño
18.30 / 19.00 / 19.30 / 20.00 h
Entrada gratuita

PROGRAMA DE SALA
KAMIKAZE P.
ARTE
Pazo da Cultura
20.30 h
Entrada: 12€

Domingo 22 out

PROGRAMA DE SALA
OKIDOK
SLIPS
Pazo da Cultura
20.30 h
Entrada: 8€

Venres 27 out

PROGRAMA DE SALA
CONTRAPRODUCCIÓN
FILLOS DO SOL
Pazo da Cultura
21.00 h
Pase para socios e invitados

Sábado 28 out

m²
IRIA SOBRADO
BRINDE
Taberna O Mexillón (2º andar)
11-14.00 h / 18-21.00 h
(quendas de 10 min/espectador)
Entrada gratuita

PROGRAMA DE SALA
CONTRAPRODUCCIÓN
FILLOS DO SOL
Pazo da Cultura
20.30 h
Entrada: 8€

+ info en www.fiot.gal



fiot.gal

Disenio: www.gendestudio.com

